

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 26.04.2018 Hora: 16:00

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 26 de abril de 2018, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei

- 1.1 8621 (10/PNC-000908)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de evitar o peche de camas e a derivación de doentes á sanidade privada, durante os meses de verán, nos centros hospitalarios do Sergas
Publicación do acordo, BOPG n.º 112, do 10.05.2017
- 1.2 18697 (10/PNC-001516)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre a creación pola Xunta de Galicia dun consello galego da infancia e a adolescencia como organismo participativo nas políticas públicas do Goberno galego e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto, así como no fomento do desenvolvemento da participación da infancia e da adolescencia nos consellos locais, de acordo coa Fegamp, con especial atención á participación en igualdade de condicións dos nenos con diversidade funcional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017
- 1.3 27154 (10/PNC-002097)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver as deficiencias estruturais e as carencias de persoal existentes no Centro de Saúde de Pazos de Borbén
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018
- 1.4 27358 (10/PNC-002117)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde en relación coa posibilidade de inclusión das novas tecnoloxías de control da Diabetes Mellitus na carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 14.03.2018

- 1.5 28476 (10/PNC-002242)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a dotación polo Goberno galego no ano 2018 das infraestruturas e dos medios humanos e materiais necesarios para a residencia de persoas maiores de Campolongo, en Pontevedra, para corrixir as deficiencias existentes e mellorar a atención ás persoas usuarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018
- 1.6 28714 (10/PNC-002264)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas carencias e deficiencias que presentan en materia de infraestruturas e dotación de persoal os centros de atención primaria da comarca do Condado-Paradanta, e, en particular, o Centro de Saúde de Pontearreas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018
- 1.7 28724 (10/PNC-002265)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia, en coordinación co Comité de Empresa da Consellería de Política Social, en relación coa Residencia de Maiores de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira

P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores

BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz

P

Noela Blanco Rodríguez

S

María Ángeles García Míguez

P

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

P

Marta Rodríguez Arias

P

María Soraya Salorio Porral

P

Eva Solla Fernández

EM

Julio Torrado Quintela

S

Paula Vázquez Verao

EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 26.04.2018

Hora: 16:00

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 26.04.2018

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 8621(10/PNC-000908)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de evitar o peche de camas e a derivación de doentes á sanidade privada, durante os meses de verán, nos centros hospitalarios do Sergas

Publicación do acordo, 112, 10.05.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:36
Nº Rexistro: 8621
Data envío: 04/05/2017 13:36:10.242

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao peche de camas hospitalarias durante os meses de verán.

A Xunta do Partido Popular persiste na súa política de peche de camas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza durante os meses de verán.

O peche de camas ten moi graves consecuencias tanto no eido asistencial como no eido laboral.

No eido asistencial esta decisión vai significar unha maior dificultade ao acceso ás prestacións sanitarias por parte da poboación galega, aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias e unha moi importante repercusión na presión sobre @s profesionais sanitari@s para reducir o número de ingresos e rebaixar as estancias hospitalarias así como no emprego do sector sanitario. A conclusión final será máis derivacións de doentes a centros hospitalarios privados.

No eido laboral vai significar o aumento do desemprego do persoal sanitario, porque estas camas pechadas inciden tamén no desmantelamento do emprego público, impedindo o acceso ao emprego d@s miles de traballador@s que están inscritos nas listas de contratación.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:36
Nº Rexistro: 8621
Data envío: 04/05/2017 13:36:10.242

Máis unha vez a Consellaría de Sanidade prioriza os recortes na vez das necesidades de asistencia sanitaria d@s galeg@s, a precarización fronte á calidade asistencial.

O Bloque Nacionalista Galego considera indecente realizar o peche de camas cando hai miles de galegos e galegas en listas de espera, miles de profesionais nas listas de contratación, e cando se privatizan continuamente servizos e se derivan sistematicamente doentes á sanidade privada.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a non pechar unidades de hospitalización, e a realizar as contratacións e substitucións precisas de persoal para non proceder ao peche de camas nos centros hospitalarios do Sergas.

Ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptibles de ser usados nos centros públicos.”

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:36
Nº Rexistro: 8621
Data envío: 04/05/2017 13:36:10.242

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/05/2017 13:35:32

Noa Presas Bergantiños na data 04/05/2017 13:35:38

Olalla Rodil Fernández na data 04/05/2017 13:35:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/05/2017 13:35:49

Xosé Luis Bará Torres na data 04/05/2017 13:35:52

Ana Pontón Mondelo na data 04/05/2017 13:35:55

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 26.04.2018

Hora: 16:00

Orde do día

1.2 18697(10/PNC-001516)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luís

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dun consello galego da infancia e a adolescencia como organismo participativo nas políticas públicas do Goberno galego e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto, así como no fomento do desenvolvemento da participación da infancia e da adolescencia nos consellos locais, de acordo coa Fegamp, con especial atención á participación en igualdade de condicións dos nenos con diversidade funcional

Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través da súa deputada e deputado **Paula Vázquez Vero** e **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Convención sobre os dereitos do Neno (CDN), aprobada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 de novembro de 1989, e ratificada polo Estado español en 1990, reconece á infancia como suxeito de dereitos e non só como obxecto de protección e coidados, fomentando que a propia infancia teña voz e participación no deseño das políticas que lle afectan. As nenas e nenos son cidadanía, e como tal teñen dereito á participación nas políticas públicas.

Deste xeito, o artigo 12 da CDN establece que “os Estados Partes garantirán ao neno que estea en condicións de formar un xuízo propio o dereito de expresar a súa opinión libremente en todos os asuntos que afecten, tendo debidamente en conta as opinións do neno, en función da idade e madurez deste.”

O Parlamento Europeo aprobou a Resolución A3-0172/92 pola que se aproba a Carta Europea dos Dereitos do Neno, que garante o dereito á “participación” de nenos e nenas en “actividades sociais.”

A Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, que modifica o sistema de protección á infancia e adolescencia, fai fincapé –referido á protección xurídica da persoa menor– no concepto do “interese superior do menor” como elemento primordial



en todas as accións e decisións que lle afecten e no “dereito a ser escoitado” en “calquera procedemento administrativo, xudicial ou de mediación.”

O II Plan Estratégico Nacional de Infancia y Adolescencia 2013-2016, aprobado en Consello de Ministros o 5 de abril de 2013, ten como un dos seus obxectivos a “participación infantil”, propoñendo medidas de actuación que inclúen a “elaboración de estudos” recollendo a opinión de nenos e nenas, a “participación infantil nos municipios” e “promover que a participación cidadá sexa un contido transversal nos programas de atención á infancia, impulsando a creación de Consellos, clubs de infancia e espazos de encontro e relación con outros colectivos.”

O Pacto Galego pola infancia asinado en 2011 por todos os grupos da Cámara galega incluía o compromiso coa posta en funcionamento do II Plan Estratégico de Infancia e Adolescencia, incluíndo especificamente o compromiso de “fomentar o desenvolvemento de órganos estables de participación infantil.”

A Estratexia para os dereitos dos nenos do Consello de Europa recolle como un obxectivo estratéxico “promover a participación” da infancia.

A Estratexia Galega da Infancia e a Adolescencia 2016 – 2020 –en fase borrador– recolle a “participación” como un dos seus “principios orientadores” e sinala que a Estratexia “tenderá a promover a autonomía e participación da infancia e da adolescencia en distintos ámbitos”. Ademais, como liña estratéxica 1 asume a “promoción dos dereitos e a participación” da infancia e da adolescencia, fomentando “a súa participación activa na comunidade e en calquera proceso que lle afecte, tendo en conta as súas inquedanzas, opinións, demandas e propostas e as diferenzas por motivos de xénero.”

Galicia non conta cun organismo autonómico de participación infantil e xuvenil.

O Programa Cidades Amigas da Infancia, da UNICEF, naceu en 1996 co obxectivo de fomentar a participación da infancia a través da administración



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 17:33
Nº Rexistro: 18697
Data envío: 11/10/2017 17:33:45.441



local, tendo como piares fundamentais o “**deseño de políticas públicas eficaces** baseadas na Convención sobre os Dereitos do Neno, a **promoción da participación infantil e adolescente e o impulso de alianzas entre todos os actores** relacionados coa infancia a nivel municipal”. En Galiza, só o Concello de Castrelo de Miño participa neste programa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5.^a:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Crear o Consello Galego da Infancia e a Adolescencia (C.G.I.A.) como organismo participativo da infancia e a adolescencia galegas nas políticas públicas da Xunta de Galiza.
2. Presentar, no primeiro semestre de 2018, un plan de traballo para o Consello Galego da Infancia e a Adolescencia ata 2020.
3. Incluír no plan de traballo do C.G.I.A. un eixo de traballo sobre a análise das desigualdades de xénero, as políticas a impulsar para superalas e un plan para o empoderamento das nenas e adolescentes galegas para identificar e divulgar elas mesmas á sociedade galega as desigualdades de xénero na súa vida cotiá, nunha colaboración entre a Consellería de Política Social, a Consellería de Educación e Cultura e a Secretaría Xeral de Igualdade.
4. Incluír no plan de traballo do C.G.I.A. un eixo de traballo sobre as causas da pobreza e o aumento do risco de pobreza na poboación infantil e na adolescencia en Galiza, así como para a sensibilización sobre a situación da infancia en todo o mundo.

5. Incluír no plan de traballo do CGIA un eixo de traballo sobre a crise ecolóxica.
6. Fomentar o desenvolvemento da participación da infancia e a adolescencia en Consellos locais, de acordo coa FEGAMP, prestando especial interese ao fomento da participación de nenos e nenas con diversidade funcional en igualdade de condicións.
7. Dotar orzamentariamente de xeito suficiente ao Consello Galego da Infancia e a Adolescencia nos Orzamentos da Xunta para 2019.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Vero
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Vero na data 11/10/2017 17:21:20

Luis Villares Naveira na data 11/10/2017 17:21:30

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 26.04.2018

Hora: 16:00

Orde do día

1.3 27154(10/PNC-002097)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver as deficiencias estruturais e as carencias de persoal existentes no Centro de Saúde de Pazos de Borbén

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 16:59
Nº Rexistro: 27154
Data envío: 01/03/2018 16:59:20.833



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª**.

Exposición de motivos

O centro de saúde de Pazos de Borbén, leva tempo con deficiencias estruturais tanto de persoal como de construción, que dificulta a asistencia sanitaria no mesmo.

Existe a necesidade dun aumento de facultativos necesario para atender de xeito eficaz a demanda da poboación. Pero tamén existe unha necesidade urxente de ampliar o centro así como refórmalo a fin de evitar as barreiras arquitectónicas das que adoece.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Dotar do persoal necesario o Centro de saúde de Pazos de Borbén para poder atender de xeito eficaz a demanda da poboación.
- Realizar as obras de reforma e ampliación necesarias para adaptar o Centro de Saúde.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 16:59
Nº Rexistro: 27154
Data envío: 01/03/2018 16:59:20.833

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 01/03/2018 16:50:09

Luis Villares Naveira na data 01/03/2018 16:50:20

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 26.04.2018

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 27358(10/PNC-002117)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde en relación coa posibilidade de inclusión das novas tecnoloxías de control da Diabetes Mellitus na carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde

Publicación da iniciativa, 276, 14.03.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:36
Nº Rexistro: 27358
Data envío: 06/03/2018 10:36:27.217

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Diabete Mellitus é unha enfermidade metabólica crónica con un gran impacto a nivel social, pero tamén económico.

Caracterízase pola elevación dos niveis de azucre no sangue, por deficiencia na produción ou a acción da Insulina.

Precisa atención médica continua, e estratexias de control das cifras de glucosa para diminuír o risco e o desenvolvemento de complicacións propias da enfermidade.

Clasifícase en catro categorías: a tipo I, a tipo II; a xestacional e a secundaria, debido a outras enfermidades ou inclusive a tratamentos farmacolóxicos.

A Diabete Mellitus tipo I, representa entre o 5-10% dos casos de diabetes, e afecta principalmente a nenos e adolescentes, precisando en todos os casos a administración de insulina para o seu tratamento.

A Diabete tipo II, é unha enfermidade da idade adulta, en relación co déficit ou a resistencia á insulina. Considérase á obesidade como causa primeira desta variedade de diabete, en persoas con predisposición xenética.

A diferenza da diabete tipo I, a tipo II pódese tratar inicialmente con dieta e exercicio, e posteriormente en moitos casos con distintos medicamentos por vía oral. Noutros casos, ou na propia evolución da doenza, é preciso o tratamento con insulina.

Ven a representar arredor do 90% do total dos casos desta enfermidade.

As complicacións agudas mais frecuentes son a hipoglucemia, a hiperglucemia e a cetoacidose. Entre as complicacións a longo prazo, desatacan a retinopatía, a nefropatía, a neuropatía, e as complicacións macrovasculares.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:36
Nº Rexistro: 27358
Data envío: 06/03/2018 10:36:27.217

De cara a evitar a aparición destas complicacións faise necesario ter un control sobre as cifras sanguíneas de azucre. A automonitorización da glucosa no sangue capilar feita polo propio paciente permite avaliar a resposta ao tratamento de xeito individual, axustando a súa inxesta de comida, a súa actividade física e a súa medicación. Este sistema estase a utilizar a día de hoxe.

Os avances técnicos e nas TICs poderían facilitar este control e monitorización, de xeito que mellore a calidade de vida destas persoas, a morbilidade asociada e a propia evolución da enfermidade e complicacións.

A diabeite é unha enfermidade crónica que afecta seriamente a vida do paciente, da súa familia e do seu entorno. Sabemos que en Galicia estase a traballar en distintos proxectos dirixidos a estes pacientes.

Nestas últimas datas temos coñecido da existencia de novidosos sistemas de control da glucemia que, sobre todo en nenos, poderían supoñer un avance significativo no control da súa diabeite.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Demandar no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde a avaliación dos resultados destas novas tecnoloxías de control da diabeite mellitus, e a definición das características da poboación que se pode beneficiar da súa utilización, para proceder, se os resultados do estudo o aconsella, á inclusión destas tecnoloxías na carteira de servizos do Sistema Nacional de Salud.
2. Demandar no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde a participación das distintas Comunidades Autónomas nos estudos que se inicien por parte do Ministerio de Sanidade”.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:36
Nº Rexistro: 27358
Data envío: 06/03/2018 10:36:27.217

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/03/2018 10:31:52

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 06/03/2018 10:32:01

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/03/2018 10:32:07

María Ángeles García Míguez na data 06/03/2018 10:32:16

Marta Rodríguez Arias na data 06/03/2018 10:32:23

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 06/03/2018 10:32:31

María Soraya Salorio Porral na data 06/03/2018 10:32:39

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/03/2018 10:32:46

Raquel Arias Rodríguez na data 06/03/2018 10:32:53

Sandra Vázquez Domínguez na data 06/03/2018 10:33:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 26.04.2018

Hora: 16:00

Orde do día

1.5 28476(10/PNC-002242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a dotación polo Goberno galego no ano 2018 das infraestruturas e dos medios humanos e materiais necesarios para a residencia de persoas maiores de Campolongo, en Pontevedra, para corrixir as deficiencias existentes e mellorar a atención ás persoas usuarias

Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados días o comité de empresa da consellaría de Política Social na provincia de Pontevedra iniciou unha campaña de denuncia das deficiencias e falta de persoal no Centro de persoas maiores de Campolongo (Pontevedra). O comezo desta campaña é resultado da falta de resposta por parte da consellaría a demandas formuladas desde 2015.

Entre outras, o comité formula as seguintes demandas para a mellora da atención asistencial na residencia:

- Mellora nos ascensores por seren insuficientes e non axeitados para persoas con mobilidade reducida.
- Instalación de tomas de osíxeno e aspiración nas habitacións, xa que hai residentes que pola súa inmovilidade reciben alimentación nos cuartos.
- Reformas nos pisos terceiro e cuarto para adaptalos ás persoas que os utilizan.

- Modificacións dos usos dos montacargas.
- Melloras no servizo de cociña.
- Dotación do comedor con elementos de seguridade para as persoas usuarias.
- Modificación do acceso á cafetería para as persoas que viven na residencia.
- Comedores e salas de estar en todas as plantas.
- Dotación de maquinaria necesaria en comedor, cociña, enfermaría e lavandaría.
- Finalización das obras no comedor do cuarto andar.

En materia de persoal, o comité demanda a ampliación do cadro de persoal coa contratación de dúas persoas para a enfermaría, cinco auxiliares de enfermaría e un/ha cociñeiro/a.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Atender as demandas do comité de empresa e dotar a residencia de persoas maiores de Campolongo (Pontevedra) das infraestruturas e dos medios humanos e materiais que permitan corrixir as deficiencias existentes e mellorar a atención ás persoas usuarias.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 11:59
Nº Rexistro: 28476
Data envío: 26/03/2018 11:59:15.945

2. Aprobado e poñer en marcha estas medidas no presente ano 2018.”

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/03/2018 11:13:14

María Montserrat Prado Cores na data 26/03/2018 11:13:19

Olalla Rodil Fernández na data 26/03/2018 11:13:20

Noa Presas Bergantiños na data 26/03/2018 11:13:24



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 26/03/2018 11:59

Nº Rexistro: 28476

Data envío: 26/03/2018 11:59:15.945



Xose Luis Rivas Cruz na data 26/03/2018 11:13:28

Ana Pontón Mondelo na data 26/03/2018 11:13:31

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 26.04.2018

Hora: 16:00

Orde do día

1.6 28714(10/PNC-002264)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas carencias e deficiencias que presentan en materia de infraestruturas e dotación de persoal os centros de atención primaria da comarca do Condado-Paradanta, e, en particular, o Centro de Saúde de Ponteareas

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28714
Data envío: 03/04/2018 14:01:16.352



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

O caso da comarca do Condado-Paradanta supón un exemplo paradigmático do que se resinte a atención sanitaria no caso dunha atención primaria mermada. As súas condicións xeográficas e



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

demográficas caracterizan unha Galicia rural, con poboación dispersa e envellecida, cuxos membros máis activos das familias están desprazados aos grandes núcleos de poboación, con dificultades de comunicación polas condicións persoais e polas deficiencias de transporte público e de comunicacións para a mobilidade por medios propios.

A comarca conta con varios centros de saúde, nucleados en torno ao centro de saúde de Pontearreas que conta cun PAC. Non entanto, as condicións dos centros e a dotación de persoal non consegue cubrir as necesidades asistenciais da mellor maneira. En termos de infraestruturas, a titularidade dos centros de saúde está, nalgún caso, en mans municipais, o que dificulta o seu mantemento para orzamentos pequenos polo tamaño dos concellos. A consellería segue sen atender ás demandas locais e a cumprir os acordos asinados coa Fegamp para asumir o coidado e mantemento das instalacións que dan servizo sanitario, cuestión de competencia autonómica. Así, existen numerosas deficiencias en termos de accesibilidade, con espazos que son de acceso complicado para as persoas con dificultades de mobilidade, e incluso imposible para acceder cunha cadeira de rodas aos aseos nalgún caso deles, como o de Mondariz. A saturación dos centros, que necesitan ampliacións ou habilitacións de novos espazos, impide desenvolver a actividade con total garantía. Así, no citado centro de Mondariz existen cuartos anteriormente utilizados como baño, que agora se usan para ofrecer algún tratamento, a pesares de contar con canalizacións sen tapar e buracos de anteriores WC ao aire. No centro de saúde de Pontearreas están todos os espazos ocupados, non podendo ofrecer nin sequera unha posibilidade de reubicar servizos, e obrigando a acumulacións de pacientes en espera por non ter máis cuartos. O Centro de Saúde de As Neves conta cun so cuarto de baño para todo o persoal e pacientes do centro de saúde, con dificultades de accesibilidade incluso, e que dificulta o desenvolvemento normal da actividade.

O déficit de persoal é un hábito nos centros de saúde da comarca. A non substitución de persoal, como estratexia sistemática, provoca que as ratios pacientes por facultativo ou persoal de enfermería aumentan ao ter que cubrirse entre os profesionais, chegando de maneira estándar aos 50 pacientes ao día por profesional facultativo. A ausencia de

persoal impide mellorar algún servizo, como no caso dos raios X no Centro de Saúde de Ponteareas. A reiterada petición do persoal dun técnico para utilización da máquina de raios está sen atender, cando a presenza dun profesional permitiría usar este aparato polas tardes, liberando da necesidade de desprazar pacientes a Vigo, e permitindo unha maior calidade de traballo, facilidade para a diagnose e mellores condicións para os profesionais. A esta situación engádense as deficientes condicións do persoal dos PAC, que foron formuladas para solución no Parlamento de Galicia polo Grupo Socialista e que, sen marxe ao acordo, foron rexeitadas polo Grupo Popular.

O caso do desprazamento aos centros hospitalarios de Vigo evidencia tamén as condicións da comarca, pois a existencia dunha soa ambulancia impide desenvolver a esta un traballo eficiente no plano puramente asistencial, estando saturado o seu uso e non podendo ser un recurso optimizado.

Esta situación agrávase coa ausencia das xerencias de atención primaria, suprimidas coa implantación das EOXI, decisión afianzada coa aprobación da reforma da Lei de saúde, que prexudica por dificultar a coordinación das observacións e valoracións dos profesionais de primaria cara os responsables da Consellería de Sanidade.

Por estas e outras cuestións, a comarca do Condado-Paradanta necesita melloras na súa atención primaria, para poder recibir un servizo con total garantía de calidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha avaliación do estado das infraestruturas da comarca do Condado-Paradanta, con especial atención as condicións de accesibilidade dos centros de saúde, e remitir o informe resultante desta avaliación aos grupos parlamentarios.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28714
Data envío: 03/04/2018 14:01:16.352



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Por en marcha a contratación dun técnico especialista para a utilización do aparataxe de radioloxía no Centro de Saúde de Ponteareas, que permita a utilización da maquinaria pola tarde.

3. Comprometer a contratación de persoal de atención primaria que permita garantir a correcta asistencia sanitaria na comarca de Condado – Paradanta, cumprindo as ratios recomendadas de maneira real.

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/04/2018 13:25:44

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2018 13:27:44

Noela Blanco Rodríguez na data 03/04/2018 13:28:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/04/2018 13:28:16

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 26.04.2018

Hora: 16:00

Orde do día

1.7 28724(10/PNC-002265)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia, en coordinación co Comité de Empresa da Consellería de Política Social, en relación coa Residencia de Maiores de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28724
Data envío: 03/04/2018 16:08:10.805



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A chamada “Residencia do Maior de Pontevedra” é un edificio sito na cidade, no céntrico barrio de Campolongo, que existe dende o ano 1993 e que, en 2008, pasou a ser tamén un centro con persoas dependentes. En concreto, agora mesmo hai 49 persoas en situación de dependencia recoñecida, aínda que, dada a falla de valoración real do grado de dependencia das persoas usuarias, non é posible ter un coñecemento real da tipoloxía das persoas que están no centro.

Hai escasamente unha semana, o Comité de Empresa de Pontevedra da Consellería de Traballo e Benestar solicitou unha xuntanza con este grupo parlamentario, dado o desleixo máis absoluto e por anos por parte da Consellería de Política Social respecto das persoas usuarias deste centro. Ao mesmo tempo, o Comité remitía denuncias ao Valedor do Pobo, á Fiscalía e á Inspección de Traballo e Seguridade Social, pois dende o ano 2015 a consellería vén facendo desleixo de funcións e tratando con desprezo calquera queixa relativa ao centro.

Os principais prexudicados son as persoas usuarias: non hai tomas de osíxeno nas habitacións; as alimentación na cama aumentan o risco de morte por atragoarse ou pola falla de tomas de aspiración; non hai sala de estar para o descanso na cuarta planta (onde se atopan as persoas asistidas), polo que se pasan todo o día sentadas na mesma cadeira; só existe un baño xeriátrico en toda esa planta; só hai unha habitación para illados; o centro carece de espazos ao aire libre...

Logo están as propias infraestruturas e a falla total de investimento durante os últimos anos, o que se amosa na inexistencia de saídas de evacuación ou no deficiente servizo de ascensores (só hai 2 e neles non entra máis que unha cadeira, nunca unha paiola) e que durante un longo tempo estiveron en situación irregular por non cumprir coa normativa vixente (teñen OCA dende decembro de 2017). O único investimento que ten feito o Goberno é o gasto duns 25000 euros para o arranxo obrigatorio do comedor (durante máis dun mes do verán houbo 8 residentes comendo nos corredores), pero sen mobiliario adaptado.

A todo o anterior hai que unir a escaseza de persoal. Unido a que o Goberno sabe ben que a Consellería de Política Social é a máis feminizada. Unhas necesidades mínimas requírense nos departamentos de Enfermaría (de maneira que se creen 2 DUES), 1 posto en Cociña (1 persoa con categoría a negociar) e auxiliares de enfermaría (5 persoas). A maiores, o médico só vai 4 días á semana (lembremos que hai 49 persoas asistidas), a fisioterapeuta só está a media xornada e non hai psicólogo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación á “Residencia do Maior de Pontevedra” e en coordinación co Comité de Empresa de Pontevedra da Consellería de Traballo e Benestar, a:

1. Que comunique, nun prazo máximo de 3 meses, a valoración real do grado de dependencia das persoas usuarias deste centro, coa fin de ter coñecemento real das tipoloxías existentes.
2. Que, nun prazo máximo de 3 meses, faga público un plan de arranxo deste centro e que, antes de que remate o ano 2018, arranxe a grave situación deste centro respectando o plan de arranxo, a través das seguintes medidas mínimas:
 - Creación dunha Enfermaría.
 - Replantexamento do servizo de ascensores.
 - Colocación de tomas de aspiración e de osíxeno nas habitacións para persoas asistidas.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Adaptación integral da planta cuarta para persoas asistidas, incluído o remate das obras do comedor.
 - Modificación e melloras nos departamentos de cociña e lavandaría.
 - Modificación dos usos do montacargas.
 - Creación de comedores e salas de estar en todas as plantas, de acordo coa tipoloxía das persoas usuarias ás que se lle presta servizo.
 - Modificación do acceso á cafetería para as persoas que viven na residencia.
3. Que renuncie á conversión da terceira planta en dependencias para persoas asistidas en tanto non se adopten as medidas do punto 2.
 4. Que incremente o persoal do centro, de maneira que proceda á creación de 2 DUES, 1 posto en Cociña, 5 auxiliares de enfermaría e 1 praza de psicólogo a xornada completa.
 5. Que incremente as xornadas do médico e da fisioterapeuta, de maneira que estean os 5 días da semana a xornada completa e a media xornada as fins de semana.

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2018 13:31:41

María Luisa Pierres López na data 03/04/2018 13:31:47

Noela Blanco Rodríguez na data 03/04/2018 13:31:51

Julio Torrado Quintela na data 03/04/2018 13:31:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/04/2018 13:32:01